

EIXE 2 | A Recuperación como meta

“PRECOZ MENTE” DE INTERVENCIÓN, PREVENCIÓN E RECUPERACIÓN DA SAÚDE MENTAL CON MENORES

Entidade executante

Asociación IGAXES. Instituto Galego de Xestión para o terceiro sector.
(<https://www.igaxes.org/es/>)

Ámbito territorial

O programa levase a cabo nos concellos de Oroso, Trazo, Ares e Santiago de Compostela e tamén no concello de Ourense.

Persoas destinatarias

Menores derivados/as dende outras entidades colaboradoras e dos servizos da Administración, ben sexan sociais, educativos ou sanitarios. Ao longo do 2020 realizáronse 435 intervencións.

Obxectivos

Xeral:

Obter unha rehabilitación psicosocial. Recuperar ás persoas afectadas. Facer que volvan a niveis de funcionamento homologables ós previos á enfermidade.

Específicos:

Promocionar vínculos afectivos estables e sans que permitan o seu desenvolvemento e autonomía.

Desenvolver habilidades e competencias psicosocioeducativas nas persoas afectadas e nas persoas coidadoras e familiares.

Mellorar a súa calidade de vida.

Obter un máximo de implicación e adherencia ó programa por parte dos e das menores.

Coñecer as necesidades e demandas dos/as menores e dos seus coidadores/as.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

A finalidade deste servizo é a detección precoz e o desenvolvemento das capacidades necesarias para un manexo adecuado tanto das emocións e experiencias vividas como da reestruturación da situación actual dos e das menores de cara á mellorar a súa convivencia familiar.

As persoas chegan ao servizo por derivación das entidades coas que traballamos en rede e dos servizos da Administración, ben sexan sociais, educativos ou sanitarios

Unha vez recibida esta derivación, iníciase o proceso cunha primeira entrevista na que se recollen as necesidades do e da menor e se establecen as primeiras liñas da intervención.

A frecuencia das sesións establécese de xeito personalizado con cada caso, aínda que o habitual é que ao principio sexan semanais e logo se establezan de xeito quincenal. As primeiras sesións consisten na avaliación necesaria para a detección dos trastornos mentais que poden presentar os/as menores.

Elabórase un plan de traballo específico para cada menor que se leva a cabo a través de sesións terapéuticas con diferentes membros da súa familia establecendo as combinacións necesarias e adaptadas ás necesidades de cada unha das problemáticas (individual, familiar...) .

No caso de que os e as menores non poidan acudir ao centro de traballo fanse atencións domiciliarias cando as circunstancias así o requiran.

Durante o programa de traballo establecido cos e cas menores, mantense coordinación cos Servizos Comunitarios aos que acude, tales como os Centros Educativos, os Servizos Sociais de Base ou os Servizos galegos de Saúde.